

te

traballadores/as do Ensino



ensino

XUBILACIÓNS 2020



DOCENTES ENSINO PÚBLICO

www.ccooensino.gal



Jose Fuentes

Acción Sindical de Ensino Público
Federación de CCOO de Galicia

CCOO ESIXE AO NOVO GOBERNO A INMEDIATA DERROGACIÓN DA LEI 23/2013 DE REFORMA DAS PENSÍONS

A Lei 23/2013 de reforma das pensións imposta unilateralmente polo goberno do PP estableceu dous elementos que introduciron recortes importantes:

Índice de Revalorización das Pensións (IRP): con este índice dende 2014 ata 2017 as pensións subiron un 0,25% cada ano (4 ou 5 euros mensuais á maioría dos docentes xubilados). Consolidáronse así perdas de poder adquisitivo.

Factor Sustentabilidade (FS): introduce un novo recorte nas pensións e estaba previsto que se aplicara a partir de 2019.

As necesidades para conseguir unha maioría parlamentaria para aprobar os Presupostos Xerais do Estado para 2018, así como as mobilizacións dos xubilados e pensionistas, fixeron que nos anos 2018 e 2019 tiveran que esquecerse de aplicar o nefasto Índice de Revalorización das Pensións e se aplicaran incrementos de 1,6 e 1,7%. É dicir, recuperouse de feito o anterior sistema de revalorización e actualización das pensións vinculado ao IPC.

De novo para o ano 2020 desvincúlase o incremento do IRP e suben as pensións un **0,9%**.

Con respecto ao Factor Sustentabilidade acordouse que non se aplicaría ata o ano 2023 ou ata que se chegara a un acordo no Pacto de Toledo.

Esta medida é necesaria pero parcial e insuficiente. Valoramos positivamente que non se aplicara o Índice de Revalorización das Pensións en 2018, 2019 e 2020 e que non se aplicara o Factor Sustentabilidade dende o 2019. Pero a reforma de 2013 segue vixente. Esta situación non pode máis no tempo. **Compre a derogación inmediata da Lei 23/2013 e con ela o IRP e o FS.** Demandamos con urxencia a activación do Pacto de Toledo do que debería derivarse unha nova normativa consensuada que blinde e garanta as nosas pensións nuns niveis suficientes e dignos. O novo goberno que xa fixo promesas neste sentido non pode defraudar as expectativas de millóns de persoas que actualmente están xubilados nin de aquelas que nos vindeiros anos pasarán a esta situación.

Dende CCOO defendemos e seguimos a defender que o sistema de pensións debe garantir para os traballadores e funcionarios xubilados unha pensión substitutiva do salario suficiente, que manteña o poder de compra ao longo do período no que é pensionista. Utilizaremos todos os medios dos que dispoñemos para activar o diálogo social e coa responsabilidade que nos caracteriza presentaremos e defenderemos propostas que permitan blindar as pensións.

▶ As pensións páganse en catorce pagas iguais (doce mensuais máis dúas extras) ao ano.

Independentemente dos cálculos que poidan resultar, como norma xeral, as pensións públicas ordinarias non poderán superar os **2.683,34 €** euros mensuais. Isto supón, na práctica, que unha funcionaria ou funcionario que sempre permanecese no grupo A1 acada a pensión máxima con 32 anos de servizos.

Poden superar este tope:

- ➔ as pensións derivadas de actos terroristas
- ➔ ás que se lle aplique o complemento de maternidade
- ➔ as derivadas da xubilación postergada (anos de servizo despois dos 65)

EN VIRTUDE DA ORDE HAP/2786/2012, PUBLICADA NO BOE O 27 DE DECEMBRO DE 2012, MUFACE ACHEGARÁ A CONTÍA DE MEDIA NÓMINA DE SOLDADO BASE MÁIS TRIENIOS NO MES SEGUINTE A SE FACER EFECTIVA A XUBILACIÓN FORZOSA.

PENSIÓN DE XUBILACIÓN DO RÉXIME DE CLASES PASIVAS

Existen tres tipos de colectivos docentes no tocante ás xubilacións:

- O funcionariado docente que ingresou no corpo antes de 2011 está acollido ao réxime de clases pasivas (RCP), que quedará como residual para quen xa estea nel.
- Porén, só uns poucos -quen ingresou no País Vasco dende 1994, así como quen proceda das antigas universidades laborais, de centros de FP de centros da do extinguido Movemento Nacional e da AISS-están no réxime xeral da seguridade social (RXSS). Desde xullo de 2018 o persoal das universidades laborais e centros de FP da AISS poden optar, por pasarse a clases pasivas e xubilarse acolléndose á normativa, requisitos e condicións deste réxime.

A normativa de ambos réximes é completamente distinta.

- Quen ingresou dende o 2011 está no RXSS para o efecto da pensión e en MUFACE para as prestacións sanitarias, farmacéuticas e sociais.

As pensións do funcionariado acollido ao RCP calcúlanse aplicando unha porcentaxe que varía en función do número de anos de servizos prestados sobre unhas cantidades chamadas **haberes reguladores (HR); estes últimos fíxanse anualmente nos orzamentos xerais do Estado e dependen do grupo a que pertenza o funcionario ou funcionaria.**

O REAL DECRETO LEI 1/2020, (BOE 15-01-2020) ESTABLECEU PARA 2020 OS SEGUINTE HABERES REGULADORES.

GRUPO FUNCIONARIAL	HR ANUAL	HR MES
GRUPO A1 (antes A, Licenciados)	42.184,02	3.013,14
GRUPO A2 (antes B, Diplomados)	33.199,88	2.371,42
GRUPO B (novo, Técnico Superior)	29.071,88	2.076,56
GRUPO C1 (antes C, Bacharel, FP II)	25.498,08	1.821,29
GRUPO C2 (antes D, Graduado Secundaria)	20.173,20	1.440,94
GRUPO E e Agrupacións Profesionais, AP, (sen título)	17.199,27	1.228,52

Táboa de haberes reguladores para o ano 2020

Estes HR resultan de aplicar un incremento do **0,9 %** aos do 2019. A **pensión pública máxima** no 2020 será de **2.683,34 euros** (37.566,76 anuais)

A estes HR aplícanse as seguintes porcentaxes:

ANOS SERVIDO	%	ANOS SERVIDO	%	ANOS SERVIDO	%	ANOS SERVIDO	%
1	1,24	10	15,67	19	41,54	28	74,42
2	2,55	11	17,71	20	45,19	29	78,08
3	3,88	12	19,86	21	48,84	30	81,73
4	5,31	13	22,10	22	52,50	31	85,38
5	6,83	14	24,45	23	56,15	32	89,04
6	8,43	15	26,92	24	59,81	33	92,69
7	10,11	16	30,57	25	63,46	34	96,35
8	11,88	17	34,23	26	67,11	35 e máis	100
9	13,73	18	37,88	27	70,77		

* No caso de ter dereito a percibir varias pensións públicas o tope tamén é de **2.683,34** euros, polo que os funcionarios e funcionarias que estando en activo perciban pensións de viudedade deben ter en conta este feito á hora de decidir a súa xubilación. Unha vez xubilados a súa pensión de xubilación verase recortada en todo o que sumado á pensión de viudedade supere os citados **2.683,34** euros.

ANOS DE SERVICIOS EFECTIVOS AO ESTADO

A teor do establecido no artigo 32 e do RDL 670/87, ademais dos servizos prestados en calquera Administración, se for o caso, **tamén se terán en conta para o cálculo da pensión os anos cotizados en calquera réxime da seguridade social.**

Así mesmo, considéranse servizos efectivos ao Estado **o tempo do servizo militar ordinario que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de realizalo, que se computa no grupo E** (o que corresponde a soldados e mariñeiros). Este período pode ser especialmente interesante se serve para completar un ano máis de servizos; aínda que coa última modificación (cambiar nove meses por «período que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de realizar o servizo militar») non terá incidencia en case ningún caso.

Os artigos 235 e 236 da LXSS permiten completar períodos de cotización **por parto e coidado de fillos/as.**

Estes artigos establecen a posibilidade de computar períodos de cotización por **parto e/ou coidado de fillos.** Polo **parto** recoñécese o período de cotización de **112 días** nos casos en que non se gozase, cobrase e cotizase o período do permiso por parto. Para acadar o beneficio de 270 días por **coidado de fillos** é requisito a interrupción da cotización derivada da extinción da relación laboral ou da finalización do cobramento de prestacións ou subsidios por desemprego con obriga de cotizar, producidas entre os nove meses anteriores ao nacemento (ou tres meses de se tratar de adopción ou acollemento permanente) e a finalización do sexto ano posterior á dita situación.

CÓMPUTO RECÍPROCO

Como o cálculo das pensións no RXSS é radicalmente diferente do cálculo do RCP, o Real Decreto 691/1991 estableceu un sistema de **equivalencias entre os grupos de funcionarios e os grupos de cotización á seguridade social**, de xeito que o cotizado en determinados grupos da seguridade social se considera equivalente aos servizos prestados en determinados grupos funcionariais. Esta é a táboa de equivalencias:

GRUPO COTIZACIÓN	GRUPO FUNCIONARIAL	GRUPO COTIZACIÓN	GRUPO FUNCIONARIAL
1	A1	7 e 9	C2
2	A2	6, 10, 11 e 12	E e AP
3, 4, 5 e 8	C1		

Para quen se inclúa no réxime especial de traballadores/as por conta propia ou autónomos/as:

COLECTIVOS INTEGRADOS EN VIRTUDE DA TITULACIÓN	GRUPO FUNCIONARIAL
Enxeñeiros/as e licenciados/as	A1
Enxeñeiros/as técnicos/as e peritos	A2
Restantes colectivos	C1

CAMBIO DE CORPO

Existe unha fórmula para quen, durante a súa carreira profesional, mudou de corpos a outros correspondentes a grupos funcionariais distintos, e que vén recollida no artigo 31.2 do RDL 670/87. Ademais, nestes casos, **se non** son xubilacións voluntarias e se ingresou como funcionario/a de carreira antes do 1 de xaneiro de 1985 e se mudou de corpo antes desa data ou se teñen cotizacións noutros grupos de nivel inferior, existe unha bonificación que consiste en considerar ata un máximo de dez anos dos prestados no corpo do grupo inferior como prestados no do grupo superior (DT 1.^a do RDL 670/87).

MODALIDADES DE XUBILACIÓN				
VOLUNTARIA				
TIPOS	REQUISITOS	CÁLCULO DE PENSIÓN	OBSERVACIÓNS	NORMATIVA
ORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> • 60 anos de idade e 30 de servizos efectivos ao Estado. • Cando se usan anos cotizados noutros réximes da SS, os últimos 5 anos computables teñen que ser cubertos en clases pasivas 	<p>Aplicación dunha porcentaxe, en función dos anos de servizo acreditados, ao haber regulador do corpo</p>	<p>Ten que solicitarse con, polo menos, tres meses de antelación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Arts. 28 2b, 30, 31 e 32 do RDL 670/87. • Punto 6.º da resolución 29/12/1985 da Secretaría de Estado para a Administración Pública. • DA 16.ª texto refundido Lei clases pasivas segundo DF 1ª PXE 2014
FORZOSA				
TIPOS	REQUISITOS	CÁLCULO DE PENSIÓN	OBSERVACIÓNS	NORMATIVA
AO CUMPLIR OS 65 ANOS	<ul style="list-style-type: none"> • Declárase de oficio ao cumprir os 65 anos • Ter acreditados un mínimo de 15 anos de servizos 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación da porcentaxe, en función dos anos de servizos acreditados, ao haber regulador. • Dende 2016 hai porcentaxes adicionais por maternidade para mulleres que tiveran 2 ou máis fillos/as 	<p>A Admón. xestiona e resolve de oficio se non se solicitou prórroga</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Arts. 28a, 30, 31 e 32 do RDL 670/87. • DA 18ª Texto refundido Lei Clases Pasivas segundo DF 1ª dous PXE 2016
PRÓRROGA ATA OS 70 ANOS	<p>É voluntaria e ten que solicitarse cunha antelación de, polo menos, tres meses antes de cumprir os 65 anos.</p>	<p>Igual ca no caso anterior, pero cando conclúa o período de prórroga e se teñan polo menos 15 anos de servizos efectivos ao Estado, recoñecerase unha porcentaxe adicional por cada ano completo de servizos despois dos 65 anos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A prórroga ha solicitarse cun mínimo de 3 e un máximo de 4 meses antes da data de xubilación. • Debe renovarse cada ano cunha antelación mínima de 3 meses á data de finalización. • Poderá ser denegada por cuestións organizativas... • A fin da prórroga ten que comunicarse polo menos 3 meses antes da data elixida para a xubilación definitiva. • Non poderá ir máis aló do finais do curso no que se cumpran os 70 anos 	<ul style="list-style-type: none"> • Art. 67 da Lei 7/2007 do EBEP • Arts. 30, 31 e 32 do RDL 670/87. • Art. 68 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia. • DA 17ª Texto refundido Lei Clases Pasivas segundo DF 1ª un PXE 2016
INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO (IPS)	<p>Para o desenvolvemento das funcións fundamentais do seu corpo (TOTAL)</p> <p>Para o desenvolvemento de toda profesión ou oficio (ABSOLUTA)</p> <p>Precisa asistencia dunha persoa para vestirse, comer, desprazarse, etc. (GRANDE INVALIDEZ)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Igual ca o anterior pero considérase como servizo prestado o tempo que falte ata cumprir os 65 anos. • Nos casos de IPS total por enfermidade común ou accidente non laboral con menos de 19 anos e 1 día de servizo, redúcese un 5 % por cada ano completo que lle falte ata os 20, cun máximo de redución do 25%. • Dende 2016 hai porcentaxes adicionais por maternidade para mulleres que tiveran 2 ou máis fillos/as <p>Coma no caso da IPS absoluta, incrementada nun 50 % que aboa MUFACE para a contratación dunha persoa que a atenda.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Pode iniciarse de oficio ou a pedimento da persoa interesada. • A pensión por unha IPS total tributa e, polo tanto, aplícanse retencións. A da absoluta non tributa, polo tanto, non ten retención. Dende 2009 o informe do EVI é vinculante. • A IPS total é compatible con traballar nun posto distinto, pero reduce nun 25 % se ten máis de 20 anos de servizos e nun 45 % se ten menos. <p>Igual que a pensión por IPS absoluta, non tributa e tampouco ten retención.</p> <p>Non se require período de carencia (é dicir, non se require un tempo mínimo de cotización)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Instrución do Ministerio de Facenda do 22-10-1996. • Orde do Ministerio de Presidencia do 22-11-1996 • Arts. 28c, 30, 31 e 32 do RDL 670/87 • Arts. 23, 24, 25 e 26 do RDL 4/2000. • DA 13ª da Lei 2/2008 • DA 18ª Texto refundido Lei Clases Pasivas segundo DF 1ª dous PXE 2016

PENSIÓNS DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO

Calcúlanse igual que as ordinarias, pero coa importante particularidade de **se consideraren servizos efectivos non só os realmente prestados, senón tamén o tempo que lle resta ao funcionario/a para cumprir os 65 anos de idade**. Este período considerárase prestado no grupo funcional ao que pertence o funcionario/a no momento da xubilación.

Para as pensións por incapacidade permanente para as tarefas propias do corpo do funcionario (incapacidade total) derivadas de accidentes ou enfermidades comúns e orixinadas a partir do 1 de xaneiro de 2009, se no momento da xubilación o/a funcionario/a ten acreditados 19 ou menos anos de servizos efectivos ao Estado (incluíndo os cotizados a calquera réxime público de seguridade social), ten unha redución sobre a contía calculada segundo o expresado no parágrafo anterior, de acordo co seguinte cadro:

ANOS DE SERVIZOS EFECTIVOS AO ESTADO NO MOMENTO DA XUBILACIÓN	PORCENTAXE DE REDUCIÓN DA PENSIÓN
Dende 18 e 1 día ata 19	5 %
Dende 17 e 1 día ata 18	10 %
Dende 16 e 1 día ata 17	15 %
Dende 15 e 1 día ata 16	20 %
Menos de 15	25 %

Se a/o funcionaria/o ten máis de 19 anos de servizos, non se aplica redución.

Esta redución non afecta as pensións por incapacidade para toda profesión ou oficio (**incapacidade absoluta**) nin a incapacidades totais producidas ou derivadas de lesións en actos de servizo nin as concedidas antes do 1 de xaneiro de 2009.

As pensións por incapacidade permanente para tarefas propias do seu corpo (as totais) sempre tributan. Non tributan aquelas en que a lesión ou a enfermidade incapacita para toda profesión ou oficio (as absolutas).

Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión por incapacidade se produce un agravamento da causa que a orixinou, de modo que a persoa afectada pasa a estar incapacitada para toda profesión ou oficio (a incapacidade pasa de total a absoluta), a funcionaria ou funcionario xubilado pode solicitar unha revisión da súa cualificación antes de cumprir os 65 anos. E, se proceder, tras o paso polo tribunal médico (EVI) será recualificada a súa pensión.

Da mesma forma, os informes dos tribunais médicos do INSS (EVI) son vinculantes para a Administración educativa, que pode propoñer a xubilación pero non decidir sobre ela.

PENSIÓN EXTRAORDINARIAS

Son aquelas en que a incapacidade está **orixinada por un accidente ou unha enfermidade en acto de servizo ou como consecuencia del (art. 47.2 do RDL 670/87) ou por acto terrorista**. A contía das pensións calcúlase igual que no resto das IPS pero cos haberes reguladores multiplicados por dous.

O funcionario ou funcionaria que considere ter dereito a estas pensións extraordinarias deberá solicitar, logo de xubilarse, a incoación dun «expediente de indagación de causas» ao organismo correspondente da consellería que proceda; esta nomeará un instrutor que, logo da investigación oportuna e de dar audiencia á persoa interesada, fará unha proposta de resolución á Administración que, cun informe, a remitirá ao Ministerio de Economía e Facenda, onde se resolverá definitivamente. Así consta no punto oitavo da resolución do 29-12-1995 da Secretaría de Estado para a Administración Pública.

INCOMPATIBILIDADE DAS PENSIÓN

As pensións de xubilación do réxime de clases pasivas orixinadas a partir do 1 de xaneiro de 2009 que se acadaran con **65 ou máis anos de idade e con 35 ou máis anos de servizos recoñecidos son compatibles** coa realización de actividades privadas, por conta propia ou allea, que dean lugar á inclusión en calquera réxime público de seguridade social.

Neste caso e durante o tempo que permaneza nesa situación, o funcionario ou funcionaria xubilada percibirá o **50% da pensión** que ten asignada. Cada ano, este 50 % revalorizarase na porcentaxe que se estableza. Unha vez remate a actividade privada, a funcionaria ou funcionario xubilado recuperará a pensión na súa integridade coas revalorizacións que se producisen. O novo período traballado, unha vez xubilado, non dará lugar á mellora da pensión. Cando a pensión teórica for superior á pensión pública máxima (**2.683,34** euros en 2020), percibirá o 50% da pensión pública máxima.

As xubilacións anticipadas ou con carreiras de cotización que non alcancen os 35 anos de servizos son incompatibles co exercicio de calquera actividade, por conta propia o allea.

Só se exceptúan desta incompatibilidade os/as pensionistas xubilados por incapacidade total, que si poden cobrar a súa pensión e realizar unha actividade **distinta** á que viñan realizando como funcionarios, pero mentres estean traballando **o importe da pensión recoñecida reducirase ao 75%** da correspondente contía, se acreditan **máis de 20 anos de servizos efectivos** ao Estado; ou ao **55%**, se acreditan **menos de 20 anos de servizos** no momento da xubilación.

As pensións de xubilación por incapacidade permanente para toda profesión ou oficio son incompatibles, por definición, con calquera outro traballo privado ou público.

No RXSS, ademais desta posibilidade de compatibilizar a pensión cunha actividade laboral, existe outra máis. Desde agosto de 2011, tras a entrada en vigor da Lei 27/2011, a percepción da pensión é compatible coa realización de traballos por conta propia (autónomo) se os ingresos totais anuais que se perciban non superan o salario mínimo interprofesional, en cómputo anual. E quen realice estas actividades non ten obriga de cotizar á seguridade social nin xera dereito a novas pensións. Esta última opción non existe no RCP.

En calquera dos casos, a DF 1ª dos PXE para 2017 **modificou o réxime de incompatibilidades coa percepción da pensión de clases pasivas**. Establece que se aplicarán as excepcións recollidas no artigo 19 da Lei 53/1984 (de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas) ao réxime de incompatibilidades co pagamento dunha pensión de clases pasivas.

Isto significa que a situación do persoal xubilado que realiza ou realizou con anterioridade á xubilación algunha actividade creativa (literaria, artística, científica...) que puidera reportarlle beneficios económicos é compatible coa percepción completa da pensión. Evidentemente, sempre que non sexan consecuencia dunha relación laboral que supoña a alta en calquera réxime de seguridade social.

Do mesmo xeito, considéranse compatibles outras actividades que xa o viñan sendo co exercicio da súa profesión.

PERÍODO DE PRÁCTICAS PARA QUEN XA É FUNCIONARIO DE CARREIRA

Aplicase a quen xa é funcionario/a de carreira ao ingresar noutro corpo de nivel superior. Nestes casos, durante o tempo correspondente ao período de prácticas ou o curso selectivo, seguirán percibindo os trienios en cada momento perfeccionados, e o dito tempo computarase, para os efectos de consolidación de trienios e de dereitos pasivos, como servido no novo corpo, se finalmente se supera a fase de prácticas e se adquire a condición de funcionario/a de carreira no novo corpo (**art. 24.6 da Lei 36/2014 PXE 2015**)

XUBILACIÓN POSTERGADA (anos de servizo despois dos 65)

A DA 17ª do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado introduce unha regulación análoga á que hai no RXSS pola que, **quen siga en activo despois de cumprir a idade de xubilación (65 anos) e teña acreditados polo menos 15 anos de servizos** ao cumprir esa idade, terá dereito a unha **porcentaxe adicional en función dos anos de servizos acreditados no momento de cumprir os 65 anos**.

Esa porcentaxe será acorde ao número de anos de servizos efectivos ao Estado:

- **Ata 25 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2%.**
- **Entre 25 e 37 anos de servizos efectivos ao Estado, 2,75%.**
- **A partir de 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 4%.**

Como consecuencia da aplicación destas porcentaxes adicionais, **poderase superar a pensión pública máxima, pero non se poderá superar o haber regulador máximo** (o do subgrupo A1, 2.986,27 euros mensuais). Ata 2015 só podían superar a pensión pública máxima as pensións derivadas de actos terroristas. Posteriormente, tamén pode excederse ese tope se un funcionario ou funcionaria dos grupos A1 e A2 completa novos anos de servizos unha vez acadada a idade de xubilación "**forzosa**".

COMPLEMENTO DE MATERNIDADE

Establécese un **complemento por maternidade (DA 18ª do texto refundido da Lei de clases pasivas)**.

Consiste nunha porcentaxe do **5%** (se se tiveron dous fillos/as naturais ou adoptados), **10%** (tres fillos/as) ou do **15 %** (catro ou máis fillos/as) para as mulleres funcionarias que se xubilen **polo menos con 65 anos ou por incapacidade ou teñan dereito a pensión de viuvez** xeradas a partir do **1 de xaneiro de 2016**.

Se a pensión inicial alcanza ou supera a pensión pública máxima, a porcentaxe aplicarase a esta e reducirase á metade. Se a pensión for inferior á pensión pública máxima, pero a supera ao sumar o complemento, entón a parte do complemento que exceda da dita pensión máxima reducirase á metade.

Se se ten dereito a varias pensións de xubilación, o complemento só se aplicará a unha delas, á de maior contía. Se o dereito é a unha de xubilación e a unha de viuvez, aplicarase á de xubilación.

Onde podes atoparnos

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro,8
1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2,
3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58,
4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es


Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

**VIVAS
LIBRES
UNIDAS
POLA IGUALDADE**

**Contra as violencias machistas
Contra a brecha salarial
Contra a precariedade do emprego**

www.ccooensino.gal



Federación de Ensino de CCOO de Galicia